

Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Crenzas arredor dos días da semana: Domingo

Do *dies Dominicus* en latín pasamos a Domingo ou Día do Señor. Desapareceu, por tanto, a denominación pagá *Solis dies* ou Día do Sol. No calendario de festas relixiosas todos os domingos son importantes pero hai varios que destacan como os de Advento, de Ramos, de Resurrección ou Pascua, e tamén no calendario de festas profanas como os chamados corredoiro ou fareleiro do ciclo de Entroido.

Falando de prognósticos do tempo, o refrán afirma que “Se o domingo chove arredor da misa, pola semana adiante verás que risa”.

Se tratamos doutro tipo de agoiros, ollo! “Enterro en domingo, outro para o pingo”. Vaia, que o morto chama por outro!